



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

gALICIA
INSPECCIÓN

05 MAY 2016

Nº 2053

PROCEDIMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS NOS CENTROS

Próximo o final do curso, cómpre lembrar aspectos básicos dos protocolos que rexen as reclamacións do alumnado sobre cualificacións finais.

I.- SECUNDARIA (ESO E 1º BACHARELATO), FP e ENSINANZAS ESPECIAIS

1.- Normas xerais para a reclamación diante dos Departamentos Didácticos

- Despois das aclaracións oportunas co profesor, se procede, o/a alumno/a (nos casos de maiores de 18 anos) ou o seu representante legal, pai/nai (nos casos de menores de 18 anos), poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación no prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación, baseada nos puntos seguintes que contempla a normativa (1, 2 e 3, máis adiante especificados). Débese ter en conta que unha reclamación que non se axuste a estes puntos non poderá ser atendida. En todo caso, é necesario contestar aclarando que non se adapta á normativa, dándolle novo prazo (2 días) de emenda de errores formais polo que se aconsella establecer modelo normalizado do propio centro para as reclamacións e evitar estas cuestiós (achechase no anexo modelo orientativo).
- A solicitude de revisión, que conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación, consonte aos puntos citados, será tramitada polo xefe de estudos, que o trasladará ao xefe de departamento, que o comunicará ao profesor titor do alumno/a.
- No proceso de revisión da cualificación, os profesores do departamento contrastarán:

- 1.- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
- 2.- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- 3.- Correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia.

En secundaria e bacharelato (1º), cómpre ter presente para os cursos LOMCE a Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/07/2015), especialmente o sinalado no Capítulo V: Programacións didácticas. Os apartados anteriores, no caso de cursos LOMCE, deberán entenderse adaptados, de ser o caso, ao establecido na devandita resolución.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

- No primeiro día lectivo seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, o departamento procederá ao estudo das solicitudes e emitirá un informe (achegete no anexo modelo orientativo), motivado e razoado, que recolla:

- Descripción de feitos e actuacións previas que teñan lugar.
- Análise realizada conforme ao punto anterior.
- Decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

- O xefe de departamento dará traslado ao xefe de estudos do informe elaborado, o cal comunicará aos pais do alumno/a.

- O xefe de estudos e o profesor titor considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria á xunta de avaliación, no caso de rectificación de cualificacións.

- Para a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a da ESO pola xunta de avaliación, celebrarase no prazo máximo de dous días lectivos desde a finalización de solicitude de revisión unha reunión extraordinaria. O profesor titor recollerá en acta as decisións adoptadas. O xefe de estudos comunicará por escrito ao alumno/a ou pais a ratificación ou modificación, razoada, da decisión de promoción ou titulación.

- Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgúnha cualificación, o secretario do centro fará a oportuna dilixencia, visada polo director en:

- Actas
- Expediente académico

2.- Proceso de reclamación diante da Xefatura Territorial:

- No caso de persistir o desacordo, os pais do alumno/a solicitarán por escrito ao director do centro, no prazo de dous días a partir da última comunicación do centro, que eleve a reclamación á Xefatura Territorial.

- O director do centro, en prazo non superior a tres días, remitirá o expediente de reclamación á Xefatura Territorial. Para evitar demoras, evitando incorrer en responsabilidades administrativas, unha *copia* do expediente deberá ser remitido á sede da Inspección educativa correspondente (Pontevedra ou Vigo) por mensaxería urgente ou entrega persoal ao inspector/a, sen prexuízo da presentación no rexistro correspondente, consonte as normas de procedemento administrativo.

3.- Confección do expediente de reclamación.

1.- Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno/a e a unha soa materia.

2.- Os documentos que conforman cada expediente son os seguintes:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

- Copia da reclamación razonada presentada polo alumno/a ou polos seus representantes legais.
- Escrito do alumno/a ou dos seus representantes legais manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.
- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión
- Copia da Programación Didáctica/Guía docente do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos e os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación da materia.
- Copia dos rexistros de avaliación que o profesor/a realizase sobre o alumno/a ou alumna reclamante
- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo do reclamante.
- Informe do director do centro, no que conste as datas de entrega das notas e das distintas comunicacóns ao alumnos/as ou aos seus pais.

3.- No caso da convocatoria ordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporarase a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.
- Copia dos exames, traballos, gravacións de audicións, concertos, ou representacións teatrais, e demais material elaborado polo devandito alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación.

4.- No caso da convocatoria extraordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporarase a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.
- Copia da citada proba extraordinaria, ou gravacións en soporte informático, en caso das Ensinanzas Artísticas Superiores.

Asemade, no caso de non constar dun xeito claro na programación didáctica, é de vital importancia para unha axeitada valoración das probas, enviar os criterios de corrección e puntuación dos instrumentos de avaliación empregados.

No prazo de quince días para ESO e Bacharelato e de dez días para FP e Ensinanzas Especiais, a partir da recepción do expediente, tendo en conta o Informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, o Xefe



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

Territorial adoptará a Resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará ao Director do Centro para o seu traslado ao interesado.

A Resolución do Xefe Territorial pon fin á vía administrativa.

II.- EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

A normativa de referencia atópase na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02/09/1997) e contén as seguintes instrucións:

1. Os pais dos alumnos/as poderán reclamar contra as cualificacións outorgadas ao rematar un curso, baseándose na inadecuación das probas propostas ao alumno/a en relación cos obxectivos ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
2. Os pais que non estean de acordo coa cualificación asignada ao seu fillo ao final do curso poderán presentar no prazo de cinco días unha reclamación por escrito ante o director na que explique as razóns nas que fundamenta a súa solicitude.
3. A dirección do centro nomeará una comisión presidida polo xefe de estudos e integrada por todos os membros do correspondente equipo de avaliación que, no prazo de tres días contados desde a presentación da reclamación, deberá adoptar a correspondente decisión, que será comunicada (por escrito) de inmediato ao reclamante, e informarao ao mesmo tempo do dereito que o asiste de interpoñer recurso contra ela, no prazo de dez días, ante o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quen, logo de informe do servizo de inspección educativa, resolverá, poñendo fin a dita resolución á vía administrativa.
4. Cando unha reclamación ou recurso sexa estimado, procederase a rectificar a cualificación, mediante dilixencia estendida polo secretario co visto e prace do director, facendo referencia a resolución adoptada

III.- ENSINANZAS DE IDIOMAS

Segundo a Orde de 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012, o alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas finais de promoción e terminais de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma.

1.- A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- a) Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

2.- A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitará do departamento o correspondente informe e informará por escrito ao alumnado implicado da resolución adoptada. De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer recurso de alzada perante a Xefatura Territorial provincial da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contra a resolución da dirección da escola nun prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da súa recepción.

3.- De producirse o recurso de alzada, o servizo provincial de inspección educativa solicitará á escola os seguintes documentos:

- a) Reclamación do alumno ou alumna.
- b) Informe do departamento didáctico e a resolución da dirección.
- c) Informe do profesorado responsable da avaliação.
- d) Proba ou probas contra as que se recorre e calquera outra documentación adicional que se considere pertinente.

4.- No suposto de que o recurso de alzada se tramitase a través da dirección da escola oficial de idiomas, esta achegará a reclamación acompañada dos documentos sinalados no punto anterior nun prazo non superior a 48 horas.

5.- Visto o informe da inspección educativa, a Xefatura Territorial provincial resolverá no prazo dun mes a partir da presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

RESUMO

Trámites e actuacións		Prazo
1	O alumno/a ou seus representantes legais, presentarán a reclamación ante dirección nun máximo de	2 días
	Ensinanzas elementais e profesionais de música e danza	5 días
2	O departamento en cuestión resolverá a reclamación nun prazo máximo de	2 días
	A dirección resolverá (no caso Ensinanzas Artísticas Superiores e Ensinanzas de Idiomas)	2 días
3	A dirección, previo informe do equipo docente do ciclo de formación deportiva, resolverá no prazo de 5 días, incluída a comunicación ao alumnado, contados a partir do día seguinte ao da presentación da reclamación (no caso de técnico deportivo e técnico deportivo superior)	5 días
	Se persiste o desacordo, poderá reclamarse ante dirección para que a tramite ante a xefatura territorial	3 días
	Contra a resolución do director da EOI, o solicitante podrá presentar recurso de alzada diante do Xefe Territorial,	2 días
4	Contra a resolución do director do centro, o solicitante poderá presentar recurso de alzada perante o Xefe Territorial, no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación (no caso de técnico deportivo e técnico deportivo superior).	1 mes
	Tempo máximo para resposta da xefatura territorial ás reclamacións de ESO e Bacharelato	15 días
	Tempo máximo para resposta da xefatura territorial ás reclamacións de FP e Ensinanzas especiais	10 días
	Tempo máximo para resposta da Xefatura Territorial ás reclamacións das Ensinanzas de Idiomas	1 mes

IV.- NOTAS

1) As reclamacións do alumnado de segundo de Bacharelato das materias pendentes de 1º seguirán as presentes instrucións, cun carácter de especial premura por incidir, se é o caso, nas cualificacións do 2º curso.

2) Para as reclamacións das materias de 2º de Bacharelato seguirase o procedemento que para cada curso académico establece a Consellería a través da correspondente circular, consonte ao establecido na Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o 2º curso de bacharelato.

3) As instrucións e referencias lexislativas sobre o procedemento de reclamación de cualificacións renóvanse cada curso na correspondente orde de calendario escolar, resultando daquela unha referencia básica. En concreto este curso temos que referirnos á Orde do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 17 de xuño). As direccións dos centros deben garantir a atención ás reclamacións contra as cualificacións finais, de conformidade co procedemento establecido na seguinte normativa ou na normativa posterior que a substitúa e a cal lle resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

4) A normativa xeral atópase na Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obligatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro).

EI e EP : Capítulo V. Punto 11 da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 2 de setembro).

ESO e 1º BAC: Artigo 13 da Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obligatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE 20 de setembro).

FP Inicial: Artigo 45 do capítulo XII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo).

Ensinanzas de Grao Elemental Música e Danza: Circular 21/2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e ensinanzas especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e de danza dispostas nos Decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

Ens. Profesional de Danza : Orde de 11 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado de ensinanzas profesionais de danza que se establecen na LOE-(DOG 25 de febreiro).

Ens. Profesionais de Música: Orde de 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na LOE (DOG do 26 de febreiro).

Ens. Superiores de Música: Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores en música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao (DOG do 8 do outubro).

Ens. de Idiomas: Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril), pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro), para ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial.

Ens. de Artes plásticas e deseño: Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de decembro), para ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ao dito grao, corrixida no DOG do 17 de abril de 2012.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

Ens. artísticas superiores de arte dramática: Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao (DOG do 11 de outubro).

Ens. artísticas superiores en conservación e restauración de bens culturais:

Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores en conservación e restauración de bens culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao (DOG do 11 de outubro); (Corrección de errores no DOG do 17 de abril de 2012).

Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional (DOG do 28 de agosto), no punto 10.2, para o restante alumnado de ensinanzas de réxime especial (só para Escola Superior de Arte Dramático, CMUS Superior de Música, Escola Superior de Restauración, Conservación de Bens Culturais).

Ens. Técnico-deportivas: Orde do 30 de maio de 2008 pola que se regula a avaliación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior na Comunidade Autónoma de Galicia, para ensinanzas técnico-deportivas.

V.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

1.- Existe unha obriga de motivar as resolucións a teor do artigo 54 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que establece que os actos “serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamento de derecho”. Neste sentido hai sentenzas moi ilustradoras do Tribunal Supremo (30/1/2001, 23/3/2005).

2.- A decisión de que un alumno/a non promocione dun curso ou etapa é unha medida que ten carácter extraordinario e, polo tanto, pode ser adoptada cando quede probado que se implementaron todas as medidas de atención á diversidade para a superación das dificultades de aprendizaxe previstas na normativa específica aplicable ao alumnado e que estas non deron os resultados previstos.

3.- Cómpre lembrar moi especialmente que nos casos de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a da ESO pola xunta de avaliación, o profesor titor deberá recoller en acta as decisións adoptadas (reflectindo o resultado das votacións, de ser o caso). A devandita acta deberá motivar suficientemente a decisión baseándose en criterios técnicos e nas condicións establecidas previamente por escrito polo claustro e que deben figurar nas correspondentes normas de organización e funcionamento. Neste eido, é preciso ter presente que a normativa en vigor específica que co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e os criterios de promoción.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
[inspección.vigo@edu.xunta.es](mailto:inspeccion.vigo@edu.xunta.es)

g_{alicia}

4.- As comunicacións por escrito ao alumnado ou pais da ratificación ou modificación, razoada, da decisión de promoción ou titulación faranse de xeito que sempre quede constancia no centro da notificación aos pais, no caso de alumnado menor, ou ao propio alumno/a en caso de maioría de idade.

5.- Nos caso dos centros privados, xestionaranse as solicitudes de revisión na forma e polos órganos que determinen as súas respectivas normas de organización e funcionamento, sendo de aplicación supletoria a Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obligatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro de 1995). Contra as decisións dos órganos dos centros privados, poderán reclamar na forma establecida nesta orde diante do Xefe Territorial.

6.- É de suma importancia que todo o procedemento e, especialmente, as programacións, independentemente da previa revisión formal ou non, respondan ao establecido legalmente. No proceso da reclamación as programacións serán avaliadas por especialistas da materia, que deberán garantir a súa legalidade, tanto formalmente como de contido, a fin de que a avaliación sexa obxectiva e, de xeito moi particular, que non se xere indefensión ao reclamante. Se as probas aplicadas non se corresponden coas significadas na programación, esta carece dos elementos esenciais ou se incorre en outro erro grave, debe terse en conta que estes defectos de forma poden dar lugar á indefensión dos interesados e provocar que dito acto sexa anulado, de conformidade co establecido no artigo 63.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De todos os xeitos, “o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados”.

Prégase se lle dea información dabondo dos aspectos recollidos nestas instrucións á comunidade educativa. E a este fin e para que non se poida alegar indefensión, por parte do alumnado ou pais, daráselle cumprida conta do procedemento, prazos e recursos que dispón en calquera caso de reclamación de notas.

Para calquera dúbida que poida xurdir no procedemento pode poñerse en contacto co/a seu inspector/a ou por correo electrónico en inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es ou inspección.vigo@edu.xunta.es

Pontevedra a 2 de maio de 2016

O Inspector xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa



Asdo.: Manuel Torres Vizcaya



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

ANEXO: MODELO ORIENTATIVOS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

DATA:

Ref: Reclam_cualif-final_ESO/1ºBAC

ASUNTO:

RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓN FINAIS EN ESO/ ou 1º DE BAC

DESTINATARIO:

SR/A. DIRECTOR DO

ALUMNO/A:

DNI:

Persoa que formula a reclamación e relación co alumno/a

DNI:

Enderezo a efectos de notificacións

MATERIA

NIVEL/CURSO: ESO1 ESO2 ESO3 ESO4 1º BAC

De conformidade co establecido no apartado Sexto, punto 1 da Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro) os alumnos ou os seus pais ou titores poderán solicitar, de Profesores e titores, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

Tamén establece no punto 2 do citado apartado da mencionada Orde, que no caso de que, tras as oportunas aclaracións exista desacordo coa cualificación final obtida nunha área ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a, este ou os seus pais ou titores poderá solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación.

Visto que a cualificación dada na citada materia e nivel foi a seguinte:

e a cal foi comunicada/informada en data do

e estando en desacordo coa mesma, formulase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | a) A avaliación que se levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe, os obxectivos específicos, os contidos, os criterios de avaliación e o nivel recollidos na correspondente programación didáctica. |
| <input type="checkbox"/> | b) Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica. |
| <input type="checkbox"/> | c) A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta. |

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En , a , de 201
O alumno/a ou persoa reclamante¹

Asdo:

¹ A reclamación será formulada polo alumno/a no caso de ser maior de idade e por pai, nai ou persoa que exerce a súa titoría legal, en caso de ser menor de idade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805698
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

DATA:

ASUNTO:

RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NO SISTEMA EDUCATIVO e de FP Básica.

Ref: Reclam_cualif-final_MP-FP e FPB

DESTINATARIO:

SR/A. DIRECTOR DO

ALUMNO/A:

DNI:

Persona que formula a reclamación e relación co alumno/a

DNI:

CICLO FORMATIVO:

MÓDULO PROFESIONAL:

NIVEL/CURSO:

De conformidade co establecido no artigo 45º da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG do 15 de xullo), pode formularse reclamación contra o resultado dos procesos das avaliacións finais ou no caso de ciclos formativos de 2.000h de duración, o dereito de reclamación será extensivo a aquelas avaliacións parciais en que se propoña o acceso á realización do módulo de FCT en período ordinario, logo de finalizada a docencia dos módulos de formación no centro educativo.

De conformidade co establecido no artigo 24 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas (DOG do 22 de xullo), as reclamacións contra as cualificacións regularase segundo o establecido no capítulo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011.

Visto que a cualificación dada no citado módulo foi a seguinte: _____, que me foi comunicada en data do e estando en desacordo coa mesma, formulo a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación

- | | |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | 1. A avaliación que se levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe, os obxectivos específicos, os contidos, os criterios de avaliación e o nivel recollidos na correspondente programación |
| <input type="checkbox"/> | 2. Os procedementos e os instrumentos de avaliação aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación. |
| <input type="checkbox"/> | 3. A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación do módulo profesional non foi correcta. |

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a _____, de 201_____
O alumno/a ou persoa reclamante²:

Asdo:

² A reclamación será formulada polo alumno/a no caso de ser maior de idade e por pai, nai ou persoa que exerce a súa titoría legal, en caso de ser menor de idade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

g_{alicia}

RECLAMACIÓN CUALIFICACIÓNS

INFORME DO DEPARTAMENTO DE

En , sendo as horas do día de de 201 , reúnense os membros do departamento que se citan de segunido, para tratar a revisión da cualificación final outorgada polo profesor/a ao alumno/a de curso/nivel da materia/módulo

ASISTENTES:

Recibida da xefatura de estudos do centro, en prazo e forma, a reclamación en primeira instancia sobre a cualificación final outorgada ao alumno/a arriba indicado, este departamento, logo de examinar as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno/a, no marco da programación didáctica, informa o seguinte:

1.-Analizada a adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e (capacidades terminais elementais/resultados de aprendizaxe/estándares de aprendizaxe) sobre os que se realizou a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno/a reclamante, en relación co establecido na programación didáctica, conclúese que a súa correspondencia é a que se indica de segunido:

Elemento da programación	Corresponden cos establecidos na PD	Non se corresponden (cítalos e indicar nº páxina da PD)
Obxectivos		
Contidos		
Criterios de avaliación/estándares de aprendizaxe/resultados de aprendizaxe		

2.-Analizados os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados ao alumno/a reclamante en relación co sinalado na programación didáctica, dedúcese que si foron / non foron correctamente desenvoltos, xa que

3.-Analizada a aplicación dos criterios de cualificación, comprobando que estes se corresponden cos establecidos na/s páxina/as da programación didáctica, estímase que foron/ non foron correctamente aplicados, xa que

4.-Considerando a información obtida da análise dos elementos anteriores, os membros do departamento acordan por unanimidade / maioria

<input type="checkbox"/>	Ratificar la cualificación anteriormente outorgada.
<input type="checkbox"/>	Modificar a cualificación de outorgada na sesión de avaliación final pola de

A xefatura do departamento

Sinatura dos restantes membros do departamento

Asdo.:

XEFATURA DE ESTUDOS DO CENTRO

